

**Rúa de Berlín** Ernest Ludwig Kirchner

1913. Óleo sobre lenzo. 120 x 91 cm. Museo de Arte Moderno. New York. USA.



Obra de Kirchner que pertence ao expresionismo, en concreto ao grupo de *Die Brücke*. Representa unha escena de xénero, de ambiente de rúa, representando xente anónima.

Dúas figuras femininas avanza pola beirarrúa da cidade, son as verdadeiras protagonistas pola súa posición central. Os seus rostros non son realistas e tampouco hai relación entre elas e o home vestido de negro que hai á dereita do cadro. É unha forma simbólica de representar a angustia da nosa sociedade, reforzada con esas figuras que se inclinan e desparraman polo lenzo hacia nos. A sensación é claustrofóbica como debeu ser a experiencia de Kirchner nesas rúas de Berlín. "Canto máis me misturaba coa xente máis só me sentía" escribiu Kirchner sobre a súa experiencia ó chegar a Berlín. Ernest Ludwig Kirchner pintou unha serie de escenas das rúas de Berlín que retratan a tensión da vida na gran cidade.

A perspectiva deformada con esos edificios inclinados e esas liñas diagonais desestabilizan a escena. O mesmo espazo resulta opresivo, vemos a calzada pola que circula un coche, pero son nas beirarrúas onde domina a sensación de masa sofocante: neses homes burgueses, seres indistinguibles sumidos na propia soidade. O obxectivo que busca o autor é a ilusión de movemento porque o noso ollo ten que percorrer as liñas destas figuras así como as liñas horizontais, verticais e as expresións. O tema do cadro: a rúa, fainos pensar no "bulicio" en aparentes "pasos" ruidosos, conversacións e coches "modernos" (estes elementos non aparecerán no cadro aínda que os supoñamos enganosamente a primeira vista, o autor crea esta atmosfera mesmo co título).

De pincelada nerviosa e angulosa, tendente á xeometrización e que dá dinamismo e enzalza o tema, estas obras caracterízanse polas súas liñas violentas e as súas cores discordantes. As cores arbitrarias, de feito, reforzan esa mesma sensación de opresión e angustia, que se ve reforzada pola angulosidade das formas, por esas figuras que adoptan liñas diagonais e eses rostros reducidos a máscaras. As raias do sombreado, as liñas inclinadas e a

angulosidade das formas transmite unha sensación de movemento que se emprega de xeito expresionista para multiplicar esa sensación xa mencionada da vibrante noite berlinesa. Esta preocupación polo movemento e a xeometrización das figuras revelan influencias tanto do futurismo italiano como do cubismo.